

Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Subvencións e axudas

*BASES DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DO ANO 2018*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 2 de marzo de 2018, adoptou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes Bases:

*BASES DE SUBVENCIONSA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DO ANO 2018*

Tal e como se establece na Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, “a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa comunidade. Como manifestación artística e expresión creativa é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto coa súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual.”

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra quere impulsar un novo marco de actuación cultural baseado nas seguintes premisas:

1. O pulo do sector audiovisual galego, considerado como estratéxico para a comunidade e a nosa provincia
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos
4. O fomento de marcos e espazos expositivos para a promoción dos produtos audiovisuais galegos na provincia de Pontevedra

O artigo 32 da Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema prevé a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.



En consecuencia, a Deputación de Pontevedra convoca axudas económicas para o apoio ao desenvolvemento e á organización de festivais e certames na provincia de Pontevedra durante o Ano da Lingua 2018, de acordo coas seguintes

### *B A S E S*

#### **Primeira. Obxecto, procedemento de concesión e normativa aplicable**

1. Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen unha especial atención á programación e difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia e igualdade
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados por esta Administración
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos

3. A concesión das axudas, de acordo co establecido no punto anterior, efectuarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

4. As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Con carácter supletorio, rexerán a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

#### **Segunda. Dotación e imputación orzamentaria**

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convócanse con cargo á aplicación 18/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2018 por un importe total de 90.000 euros.

#### **Terceira. Entidades beneficiarias**

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (o que acreditarán cunha declaración responsable da persoa representante)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación de Pontevedra

#### **Cuarta. Requisitos**

Para poder optar ás subvencións, o festival ten que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Levarse a cabo durante o ano 2018
- b) Ter unha duración mínima de catro xornadas e realizar un mínimo de 20 proxeccións
- c) Incluír na programación a proxección de, como mínimo, 5 sesións ou un 10 % de títulos de produción cinematográfica ou dirección galegas
- d) Contar cun mínimo de dúas edicións consecutivas anteriores á convocatoria destas bases
- e) Incluír na programación actividades paralelas educativas ou formativas
- f) Empregar a lingua galega, como mínimo, na comunicación nos diferentes soportes e no desenvolvemento das actividades paralelas

#### **Quinta. Lugar e prazo de presentación**

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o 28 de marzo de 2018.

Co fin de minimizar erros e axilizar a mecanización dos datos das solicitudes deberase optar preferentemente pola súa presentación mediante formulario web, ao que se pode acceder en [www.depo.gal](http://www.depo.gal).

- a) Presentación de solicitudes mediante formulario web

Para realizar a solicitude a través de [www.depo.gal](http://www.depo.gal) seguiranse os seguintes pasos:

1. Encher os datos do formulario oficial de solicitude e facer clic en “enviar datos”
2. Descargar e imprimir o xustificante xerado na web tras realizar o envío. Este xustificante incluirá un código único de solicitude



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

3. Presentar o xustificante xerado durante o proceso de solicitude, dentro do prazo establecido nestas bases, xunto coa documentación establecida na base sexta no Rexistro xeral da institución provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a venres)
- Oficina de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Ou de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP

b) Presentación de solicitudes mediante formulario impreso

No caso de non poder realizar a solicitude a través de [www.depo.gal](http://www.depo.gal), a persoa solicitante poderá presentala, xunto coa documentación establecida na base sexta, no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación), este deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas a todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, terase por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Sexta. Solicitudes e documentación**

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria, que se formalizará nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do organismo provincial, no da súa sede de Vigo, no Servizo de Cultura e Lingua ou en [www.depo.gal](http://www.depo.gal). Xunto coa solicitude achegarase ademais a seguinte documentación:

a) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade actualizada (coa sinatura dixital), só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta

b) Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da entidade, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación: IJEZXEZ8C6ETORTY



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

c) Certificado de estar dada de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual

d) Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención, achegando os datos solicitados para este, que se axustarán aos criterios de valoración especificados na letra b) da base oitava, asinada pola persoa representante

e) Orzamento detallado e totalizado da actividade obxecto da subvención (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado), asinado pola persoa representante, no que figuren todos os gastos subvencionables sinalados na base décimo primeira, xunto coa previsión de ingresos

f) Memoria da última edición do festival na que se detalle a súa antigüidade e as especificacións axustadas aos criterios de valoración que aparecen na letra a) da base oitava, asinada pola persoa representante. Esta memoria acompañarase dunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento

g) Dossier de prensa da última edición do festival

h) Declaración na que conste se se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade para a que se solicita a subvención

### **Sétima. Autorizacións e consentimentos**

A presentación da solicitude de subvención pola persoa interesada ou a representante comportará a autorización ao órgano xestor para consultar automaticamente os datos en poder das administracións públicas (CIF da entidade e DNI da persoa representante) e para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 23.3 da LXS.

Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar a documentación necesaria e as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

### **Oitava. Valoración e concesión**

a. Criterios de valoración con respecto aos datos da edición de 2017

1. Calidade da programación: máximo de 20 puntos

Teranse en conta os proxectos realizados que acadasen premios ou nomeamentos noutros festivais nos dous anos anteriores (2016 e 2017), ou que fosen estreados na edición do festival de 2017 (deberá acreditarse documentalmente).



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

1.1. No ámbito galego: 0,5 puntos por premio; 0,25 por nomeamento; 0,25 por estrea. Máximo de 5 puntos

1.2. No ámbito estatal: 1 punto por premio; 0,25 por nomeamento; 0,25 por estrea. Máximo de 5 puntos

1.3. No ámbito internacional: 1,5 puntos por premio; 0,5 por nomeamento; 0,5 por estrea. Máximo de 10 puntos

2. Asistencia ás proxecións: máximo de 5 puntos

Acreditarase cunha declaración responsable ou certificado expedido pola secretaria ou secretario da entidade no que conste o número de asistentes.

2.1. Entre 500 e 1.000 persoas: 1,5 puntos

2.2. Entre 1.001 e 5.000 persoas: 2,5 puntos

2.3. Máis de 5.000 persoas: 5 puntos

3. Actividades e accións paralelas desenvoltas: máximo de 20 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se insira, agás no caso do referido ao punto 3.5, que poderá ser unha acción transversal.

3.1. Destinadas ao sector audiovisual profesional: charlas, publicacións e clases maxistras, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción. Máximo de 5 puntos

3.2. Destinadas ao alumnado en formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

3.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

3.4. Destinadas a proxectar o festival fóra dos días nos que teña lugar: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

3.5. Destinadas ao fomento da lingua galega e da igualdade. Máximo de 2 puntos

4. Viabilidade do proxecto

Terase en conta a solidez financeira do festival, para o que se valorarán as achegas de fondos propios da entidade organizadora e os patrocinios de entidades privadas con respecto ao seu orzamento total (con IVE), admitindo como fondos propios as achegas de financiamento doutras administracións públicas das cales se obtivese algún tipo de axuda.

4.1. Entre o 15 % e o 25 % do orzamento: 5 puntos

4.2. Entre o 25,01 % e o 50 % do orzamento: 10 puntos

4.3. Entre o 50,01 % e o 75 % do orzamento: 15 puntos



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

4.4. Máis do 75 % do orzamento: 20 puntos

b. Criterios de valoración da proposta para o ano 2018

1. Antigüidade do festival

1.1. De 3 a 5 edicións: 3 puntos

1.2. De 6 a 8 edicións: 6 puntos

1.3. De 9 a 12 edicións: 10 puntos

1.4. De 13 a 20 edicións: 15 puntos

1.5. Máis de 20 edicións: 20 puntos

2. Actividades paralelas previstas: máximo de 20 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se insira, agás no caso do referido ao punto 2.5, que poderá ser unha acción transversal.

2.1. Destinadas ao sector audiovisual profesional (charlas, publicacións e clases presenciais, apertura de canles de distribución ou outras accións): 1 punto por acción. Máximo de 5 puntos

2.2. Destinadas ao alumnado en formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

2.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

2.4. Destinadas a proxectar o festival fóra dos días nos que teña lugar: 1 punto por actividade ou acción. Máximo de 5 puntos

2.5. Destinadas ao fomento da lingua galega e da igualdade. Máximo de 2 puntos

3. Viabilidade do proxecto

Valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto:

3.1. 75 % do orzamento: 5 puntos

3.2. Entre o 50 % e o 74,99 % do orzamento: 10 puntos

3.3. Entre o 25 % e o 49,99 % do orzamento: 15 puntos

3.4. Menos do 25 % do orzamento: 20 puntos

4. Custo total do proxecto

4.1. Ata 10.000,00 €: 4 puntos



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

4.2. De 10.000,01€ a 15.000,00 €: 6 puntos

4.3. De 15.000,01€ a 20.000,00 €: 8 puntos

4.4. De 20.000,01€ a 30.000,00 €: 12 puntos

4.5. De 30.000,01€ a 50.000,00 €: 15 puntos

4.6. De 50.000,01€ a 90.000,00 €: 20 puntos

4.7. Máis de 90.000,00 €: 30 puntos

As solicitudes que na súa valoración non acaden un total de 50 puntos quedarán rexeitadas. Para o resto dos festivais, o reparto proporcional dos importes efectuarase a partir dese valor mínimo establecido.

### **Novena. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura e Lingua, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base oitava, e no que se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

Posteriormente realizarase un estudo do informe-proposta do xefe do servizo pola comisión de valoración das solicitudes de subvención, órgano colexiado composto por:

- *Presidencia*: o deputado delegado da área de Cultura e Lingua
- *Vogalía*: dous membros do equipo técnico do Servizo de Cultura e Lingua e un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención
- *Secretaría*: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura e Lingua, que actuará como secretaria ou secretario sen voto

A comisión de valoración poderá:

1. Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
2. Emitir un informe con respecto ás solicitudes de subvención

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización de Intervención, de todos os expedientes e do informe-proposta.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.





Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

**Décima. Xustificación**

As entidades beneficiarias da subvención, logo de concedida, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 28 de febreiro de 2019.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos

b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade

c) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallen as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, se poña de relevo que os gastos que figuran na antedita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e se indique que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece na base 25.8.2.c) das de execución do vixente Orzamento provincial

d) Os gastos xustificados deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecéndose unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20%)

e) Os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros

f) Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúa o logotipo de Deputación de Pontevedra-Ano da Lingua

g) Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación: IJEXZ8C6ETORTY



obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada

h) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución

### **Décimo primeira. Gastos subvencionables**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á realización do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

a) Gastos de difusión e publicidade en calquera soporte, nos que se fará constar o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas normas de identidade corporativa

b) Alugamento de espazos e equipamentos técnicos

c) Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais

d) Xestión de películas: dereitos de exhibición e transporte de copias

e) Gastos de subtítulo

f) Premios de tipo económico ou galardóns oficiais, en cuxa convocatoria e publicidade constará a colaboración desta institución provincial e a fabricación de estatuíñas, galardóns ou similares que se entreguen como premios do festival

g) Gastos de viaxes, de aloxamento e manutención das e dos participantes nas actividades propostas

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

En ningún caso serán subvencionables:

- Os gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade
- Os gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos do promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora do festival
- O investimento ou a adquisición de material ou equipamentos que supoñan algún incremento do patrimonio da entidade solicitante
- Os gastos protocolarios
- As degustacións gastronómicas e as actividades complementarias que non teñan carácter cultural
- Os gastos excluídos no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra



### **Décimo segunda. Obrigas das entidades beneficiarias**

A realización dos festivais será de exclusiva responsabilidade das entidades, ademais das obrigas fiscais e de seguridade social que delas se deriven. As persoas beneficiarias da subvención teñen que cumprir as seguintes obrigas:

a) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado un número suficiente de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se fixese antes da solicitude da subvención

b) Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado

c) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos de ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente

d) Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite con respecto á subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa

e) Facer constar os logotipos da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa básica de identidade corporativa, en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada

f) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións

### **Décimo terceira. Pagamento**

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

### **Décimo cuarta. Modificación da resolución**

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido con tal de que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas.



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de Resolución da Presidencia, logo da proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe previo do Servizo de Cultura e Lingua, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos
- A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitarlle a esta institución provincial a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo organismo provincial. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación
- Non se aceptarán modificacións que lles afecten aos requisitos esixidos para poder optar ás subvencións na base cuarta desta convocatoria

#### **Décimo quinta. Incumplimento**

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura e Lingua requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e das demais responsabilidades previstas na LXS.

#### **Décimo sexta. Devolución e reintegro**

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas
- Por non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Por incumplir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

#### **Décimo sétima. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2018 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

**Décimo oitava. Recursos**

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo se prevé no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

